

DIEGO MARADONA

Asif Kapadia, 2019

565

ESTREA EN NUMAX: 19.07.2019 | V.O.S.E. | +12

Diego Maradona (2019, 129')

Dirección: Asif Kapadia

Guión: Asif Kapadia

Participación: Diego Armando Maradona, Claudia Villafañe, Diego Maradona Jr., Cristiana Sinagra, Corrado Ferlaino, Maria Rosa Maradona

Montaxe: Chris King

Son: Marcos Zoppi

Música: Antonio Pinto

Produtora: On The Corner Films, Lorton Entertainment, Film4 Productions (Reino Unido)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español, italiano

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Ali & Nino, 2016

Amy, 2015

Senna, 2010

Far North, 2007

El regreso, 2006

El guerrero, 2001

SINOPSE

O 5 de xullo de 1984 Maradona chega ao Nápoles nun traspaso récord. Durante sete anos desatouse a loucura. A icona máis famosa do fútbol e a cidade máis ardente e perigosa de Europa forman un cóctel perfecto.

«Gústeche o fútbol ou non, Kapadia logra que che interese. Cinema feito coa man de Deus»

Robbie Collin, TELEGRAPH



“Maradona é máis grande que o fútbol: é unha lenda”

Entrevista con Asif Kapadia
Por Paula Arantzazu

De onde sae todo o material de arquivo sobre Maradona que utilizaches no filme? En 1982 o axente que representaba a Diego Maradona tiña moi claro que o futbolista ía ser unha gran estrela, fáloche de moito antes do seu paso polo Barcelona, así que contratou un par de operadores de cámara para que filmalo, o arxentino Juan Laburu e o italiano Gino Martucci. E gravárono en Arxentina, en Barcelona e en Nápoles.

E como chegas ao material? Teño un sistema de traballo moi concreto que pasa por investigar durante moito tempo, normalmente durante todo un ano. Un membro do equipo foi a Nápoles, falou con quen tiña que falar, fixo entrevistas, atopou persoas importantes para pescudar cousas; outro foi a Bos Aires. Máis adiante despraceime para continuar cos contactos que se conseguiron. Pero conseguir os vídeos digamos oficiais foi moi complicado, porque a metade do material está espallado fóra de Nápoles, e rexistrado nun formato moi antigo chamado UMATIC, que as cadeas televisivas utilizaban nos 80, antes do

BETACAM. É un formato moito mellor que o VHS pero lixeiramente por baixo do BETA. Foi moita lea. Parte dos vídeos son dun fan, un ultra do Nápoles que tiña centos de VHS gardados; mentres que a metade do material que usamos pertence a Claudia, a ex muller de Diego. Tiña moitísimas cintas gardadas nun gran baúl. Ninguén as vira desde facía 30 anos.

Que tesouro! Completamente! Para velas tivemos que comprar unha máquina especial e levala a Bos Aires. Valeu a pena, porque o material era incríbel. Conseguir o permiso de Claudia foi complicado: o tema de Maradona é un asunto espiñento xa que ambos están nunha especie de guerra xudicial. Imaxina: eles metidos en temas de tribunais e chego eu pedíndolle unha entrevista e que me conte de cando eran novos e felices... Pero ao final Claudia aceptou ser entrevistada e deixoume utilizar as cintas.

De todos os perfís de Diego Maradona, cal foi o que máis che impresionou?

Cando era estudante de cinema, a mediados dos 90, lin a biografía sobre Diego Maradona de Jimmy Burns, *La mano de Dios*, e pareceume incríbel porque conseguía captar o drama da vida de Maradona. Creo que ese foi o motivo que me levou a facer o filme: non tanto o feito de que é un gran futbolista, senón o drama da súa vida. O meu traballo é contar historias e para un narrador, e para o cinema, necesitas acción, subidas e baixadas, e no caso de Maradona, a súa vida vai dun extremo ao outro.

Podemos dicir que a vida de Diego Maradona é «bigger than life»? Creo que hai moi pouca xente de quen se poida dicir iso, e Maradona é un deles. Vaias onde vaias, dis Maradona e todo o mundo sabe quen é. Maradona é máis grande que o fútbol: é unha lenda. O final do filme fala do mito, desa idea de lenda, pero todo o mundo coñece a lenda e eu quixen ensinar sobre todo o futbolista, que era boísimo. Porque á parte do campionato do mundo do 86 e dos goles que marcou a Inglaterra, non se sabe moito sobre os seus fitos no Nápoles.

No filme fálase do futbolista como o último dunha estirpe e do final dunha época no que ao balompé se refire. Si, esa era a intención. Os futbolistas son tan profesionais hoxe en día! Non o critico: as súas carreiras son máis estábeis e longas, pero tamén algo aburridas. Están moi protexidos polos seus avogados e controlan ao milímetro a imaxe que ofrecen. Dalgún modo, Amy Winehouse e Diego Maradona parécense. Amy era unha cantante de jazz á antiga, un pouco fóra do seu tempo, que non encaixaba na industria da música cando se volveu moi comercial. Maradona tamén viviu o cambio profundo que se deu no mundo do fútbol, e non creo que sexa posíbel vivir hoxe da maneira en que viviu e acumular tantos éxitos. Porque malia todo, Maradona triunfou.

Publicado en <https://sensacine.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

México 86. Así ganamos la copa,
Diego Armando Maradona. Debate, 2016

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax

